




BIBLIOTECA VIVENTE

'Vai de Tesouros'
Do 8 ao 11 de abril




CONSELLERÍA
de
BIBLIOTECAS
UNICITARIA

CONCELLO
DE VIGO



VIGO
EN GALEGO



Fiel, leal, valerosa e sempre benéfica

Miras cara o mar, sen medo. A ría que leva o teu nome é capitaneada polas imponentes Cíes, salvaxes e fermosas á par, coas praias máis belas do mundo todo... Tes a honra de ser a cidade máis grande de Galicia e o teu porto, rico e poderoso, foi testemuña das maiores miserias, das penurias humanas máis tristes... pero tamén das maiores proezas, onde os teus veciños, heroes anónimos xenerosos e loitadores, demostraron con creces que as persoas somos donos na nosa historia.

A Reconquista, hoxe grande festa, é a memoria orgullosa dos que no seu día conseguiron o que ninguén esperaba. Os franceses foron poucos contra as humildes e valerosas xentes de Coia, Matamá... quen defenderon a túa honra e dignidade. E sempre unha man que lle botar ao desamparado, sempre benéfica... Ninguén esquece os centos de cadáveres viventes que durante aquel mes non paraban de chegar a porto: moitos morreron enfermos nos barcos, pero ti e os teus veciños, heroes anónimos, xenerosos e loitadores, alimentástelos, coidástelos, acolléstelos...

Fiel, leal, valerosa e sempre benéfica cidade de Vigo!

LIBRO 1



A lista da compra

Teño que facer a compra. Collo o coche e vou ao híper, que ten parking e abre ata as dez.

- ✓ Millo: levo a oferta tres por dous, das latas pequechas, non vaia ser que teña que tirar con el unha vez abertas.
- ✓ Leite: desnatado, por suposto, con omega 3 e enriquecido en calcio. Deste de fóra, que é máis barato.
- ✓ Cenouras: a bolsa de quilo, teño que mirar ben que non veñan esmagadas nin que sexan das regañadas. O mesmo coas mazás: as Grand Smith, que son as máis redondiñas e brillantes.
- ✓ Tomate frito: marca branca, que aforro uns centimiños e pon que é caseiro.
- ✓ Un par de cogombros: e serán deses que saíron na tele, con non sei que toxina? Bah, iso foi en Alemaña!
- ✓ Unha ducia de ovos: destes, que parecen máis brancos e limpiños.
- ✓ Pan: desta vez vou levar pan de molde, que me dura unha semana.
- ✓ Ah! Os iogures: 0% materia graxa e con bífidos activos. É que non hai como a comida san e de calidade!



'It never rains in Southern California'

- Boh! Que vai ser californiano, ho! Pero ti escoitas en que idioma está cantando? Estás xorda ou?

- Que si, que si, xúrocho! Que mo dixo o *batera* que é colega meu. Flipas coa súa vida. O tipo era surfeiro e curraba nunha tenda de guitarras (é guitarrista tamén), mentres estudaba políticas na *University of California*. Cando acabou a carreira marchou a Costa Rica para dar clases de surf e, aos tres anos, xa estaba de volta e de profe de castelán nun instituto de San Francisco. O tipo debe ter pulgas no cú porque ao cabo dun ano estaba vivindo en Granada e tocando o piano e, ao pouco, de monitor de campamento multilingüe en Euskadi. Controla nove idiomas! Flipa colega! Alí seica lle faloron de Compostela e do Camiño, e non foi o home e colleu un autobús a Roncesvalles e botouse a andar desde alá? Este tipo non ten acougo... Bueno, agora disque leva non sei cantos anos aquí...



Ollos de dragón

Ás oito da mañá xa estabamos en Barajas. Mentres agardabamos a que se abrise a porta do avión, contemplabamos admiradas o despegar doutras aeronaves sobre a pista. Subimos, e o avión foise elevando tan docemente que case non percibimos a subida. Roma, primeira escala. Logo veu Xerusalén e escala en Lod. Karachi. Calcuta. Manila... Saímos para Shanghai nun barco americano. As ondas eran moi violentas, unha cola de tifón axitaba o mar... Hong Kong. Tientsin... O tren das oito levounos a Peiping. Por fin o noso destino! As nenas e os nenos recibíronnos con grande balbordo, pero axiña escaparon a correr, berrando con medo: 'Teñen ollos de dragón, teñen ollos de dragón!'

Pero eu fun alí cunha misión que cumprir: fun convertelos e, ao final, case sen darme conta, foron eles os que me converteron a min.



MALLANDO NO ANDROID

Diario dun blogueiro

Na casa dun enxeñeiro de telecomunicacións o espertador soa ás 8h. que obviamente é a alarma do meu *smartphone*. Nada máis abrir os ollos, aínda cheos de lagañas, chequeo o meu correo-e, filtro e asigno prioridades. Arrastro os pés ata a cociña mentres vou facendo unha lectura rápida dos medios que nos serven de fonte. Prendo o ordenador ao tempo que fago café. Entre sorbo e sorbo redacto a primeira publicación da mañá. A nova do día son as G.Glass: parece que o futuro que debuxaban as películas xa nos acadou. Opinións para todos os gustos, e créanse unha chea de mitos. É o que ten que só se poidan mercar con invitación e moito carto. Decido escribir sobre a miña experiencia coas G.Glass en Hamburgo: sei que son un privilexiado e teño que compartilo. 'Clink!' Notificación. Teño que saír xa se quero coller o voo!

Ás tres horas atópome na feira de novas tecnoloxías de Barcelona coa acreditación pendurada do pescozo. Tócame pasar o día probando cachivaches que aínda non saíron ao mercado. Á hora de xantar consulto que me recomenda unha das miñas aplicacións favoritas e aproveito para publicar un par de entradas no blog. A comunidade está ansiosa por ter novas! Chequeo o correo-e por sexta vez no día, sempre pendente da actualidade. Google E. solicítanos unha xuntanza por mor da nosa iniciativa. Están interesados, ben!

De volta na feira contraste opinións con outros blogueiros, converso con usuarios, programadores, fabricantes... mentres sigo probando dispositivos do máis novidoso. Sorpréndeme que nos coñezan, a nós que somos tan pequenos e eles tan grandes. Os primeiros e únicos do mundo, si, pero pequenos. Sei que é froito da marca que vendemos, que é sinónimo de calidade, e isto a grande comunidade que nos segue sábeo.



Aventura extrema: Galicia nos cumios do mundo

Sucedeu. Ás 10.10 horas houbo un gran estoupido: unha gran avalancha ía directamente coller aos que me precedían. Foron uns angustiosos segundos... a traxedia mastigábase. E colleunos. Pensei no peor, foi terrorífico. Despois disto estiven máis de media hora parado, pensando se seguir ou dar a volta. Avancei sentíndome como un paxariño, co corazón no puño, tentando non ser presa das gadoupas dun depredador, dunha nova avalancha (...)

Pero cando faltan poucos metros, e xa sabes que chegas, non pensas, só sentes. Chegas arriba e sabes que xa non podes seguir subindo, xa está, e tes o mundo aos teus pés. 8.091 metros: e todo está por debaixo de ti.



Arremangar as saias e loitar

Cinco xuntanzas diarias...

...e ti a que vas aí?...

Deitarse na estrada para evitar novas mortes...

...estades tolas...

Facer cen tortillas, vender mil rifas, para xuntar peseta a peseta...

...e a min quen me fai a cea?

As veciñas en pé de guerra...

...vós que saberedes...

'A Bouza é nosa!...

...lávame a roupa...

Mulleres liberadas que viaxan polo mundo...

...onde ides ir vós, oh!?...

Batallas para conseguir escolas para os fillos...

...ti non vales para nada...



Carta de perdón ás Xeracións Roubadas

13 de febreiro de 2008. Primeiro ministro de Australia.

“Hoxe honramos aos pobos indíxenas destas terras, ás culturas máis antigas aínda vivas na historia humana. Reflexionamos sobre os malos tratos que sufriron as Xeracións Roubadas, neste capítulo manchado da nosa historia.

Pedimos desculpas polas leis e políticas dos gobernos que causaron profunda dor, sufrimento e a perda dos nosos compañeiros.

Pola dor e o sufrimento destas xeracións roubadas, dos seus descendentes e familias que quedaron atrás, pedimos perdón.

Ás nais e aos pais, os irmáns e irmás, pola rutura das familias e comunidades, pedimos perdón.

E pola indignidade e a degradación así infrinxida a un pobo orgulloso e a unha cultura orgullosa, pedimos perdón.”

Cultura transmitida de xeración en xeración desde hai milleiros de anos, aldraxada e truncada, por non ser quen de comprender os seus soños.

Das Antípodas a Galicia, o risco pode ser o mesmo.



Caneando cambadelas

Vai comezar o partido en Balaídos. Está agardando o colexiado a que se cumpra o horario previsto. Está agardando tamén a que se disipe o fume, a néboa que provocaron as vengalas que acenderon os seguidores do Celta. Está todo a punto, todo disposto. Vaia ambientazo! Comeza o partido en Balaídos!

Está xogando o Celta por mediación de Juanfran. O primeiro rexeite que chegou, á contra, trataba de marchar, chegou tamén Karpin, que foi o que acabou retrasando para Pinto. Primeiros segundos en Balaídos. O salto de Benni. Tocou o balón Montero. Toca Gustavo López. Acaba de abrir ben para Mostovoi e aguanta aí Mostovoi. Prepara o lanzamento, continúa Mostovoi, o centro coa esquerda, busca a Benni, Makelele.... Gol, Gol, Gol!!!! G000000000000000000000000L do Celta, Makelele!!!

Ver para crer... Apenas nuns segundos... A xogada de Mostovoi, para poñer en táboas a eliminatoria. Era o desexo dos xogadores galegos, acadar un gol ben cedo. As bancadas están que non o cren!!! Compañeira, como se viviu este gol no banco do Celta?

- A verdade é que o están gozando pola súa importancia, abrázanse para celebralo, ao igual que os milleiros de afeccionados que ateigan Balaídos...

A NAI QUE ME PARIU

AGORA COMEZO EU
VIVA O MEU ATREVEMENTO,
ONDE NON SON COÑECIDO
TOMAREI COÑECEMENTO.

SONVOS DE TERRA ALLEA,
NUNCA VISTES TAN BO GALÁN.
TEN QUE VIR UN DE FÓRA
APRENDERVOS A CORTAR O PAN.

E HABERÁ QUEN SE OFENDA
E SE QUEIRA REVIRAR.
AQUÍ O ESTOU ESPERANDO
VEÑA QUEN ME FAGA CALAR!


VIVA A NAI QUE ME PARIU
QUE AO MUNDO ME BOTOU,
SE QUERES SAÍR ESCALDADO
AQUÍ TES A OCASIÓN.



Non dar puntada sen fío

Primeiro doulle unhas puntadas co primeiro fío que me vén ás mans. Penso na chamada de onte... **Quen me vería a min facéndolle vestidiños na pasarela Gaudí!** Coso con punto frouxo, que logo é malo de sacar. **Mira que están escuchimizadas: vara e media de tea dáme para lle facer sete vestidos...** Enfío a máquina con fío negro, do bo... **Pois ter que marchar para Barcelona...** **Alí non vou poder tocar a pandeireta...** Doulle con brío aos pés, a máquina bule que mete medo... **E seica terei catro xefes...** Remátolle o forro... **E os catro hanme pedir catro vestidos cada un, e han querer levar eles o mérito!** Córtolle o rabiño que sobra do fío e listo! Outra saia de tubo negra para veciña... **Buf! Sáenme as saias de tubo polas orellas!** A esta fíxenlle un bordadiño negro na cintura. Este outono seica se van levar os tons terra, cortes rectos e limpos de inspiración renacentista. **Pois érase boa! Imos deseñar todos o mesmo!** Empaqueto a saia ben empaquetadiña... Soa o teléfono outra vez: “- Si? Que se lle podo facer cinco deseños para mañá?” **Pero estes deben pensar que eu cago deseños...** Colgo e pónome a debuxar...

E marcharei? Deixarei de ser modista para ser deseñadora de moda?



Tres estaciones nun só día

Nova Iorque, Norfork-Virginia, Halifax-Canadá, Saint Pierre, Saint John, Groenlandia, Baffin, Illas Svalbard, Islandia, Ceuta, Tanxer, Casablanca, Agadir, Safi, Río de Ouro, Cabo Verde, Port Praia, Canarias, Recife, Río de Janeiro, Río Grande do Sur, Porto Alegre, A Paloma, Montevideo, Punta do Leste, Quequén, Ushuaia, Punta Arenas, Malvinas, Illas Sandwich, Illa Rei Jorge, Illas Shetland, Antártida, Punta Delgada, Illas Azores, Walvis Bay, Namibia, Cidade do Cabo...

Desde Bouzas, ata a fin do mundo. Quen llo ía dicir a el? De axudar na gamela a capitanear un gran buque. Toda unha vida navegando por un Atlántico cheo de perigos, de oeste a leste e de norte a sur. Mil e unha aventuras que contar de longos días nos que era posible vivir o outono, o inverno e o verán en tan só uns minutos.

CONCELLERÍA
DE
NORMALIZACIÓN
LINGÜÍSTICA

CONCELLO
DE VIGO




VIGO
EN GALEGO

